



RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE OUTUBRO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE PRAZAS VACANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/2018

En cumprimento do establecido nas normas estatutarias da Universidade de Vigo e na vixente convocatoria de matrícula, unha vez rematado o proceso de adxudicación de prazas no sistema universitario de Galicia para o curso 2017/2018 segundo o procedemento e calendarios fixados pola Comisión interuniversitaria de Galicia, quedando prazas vacantes nalgunhas titulacións da Universidade de Vigo.

ESTA REITORÍA RESOLVE

Publicar a convocatoria de prazas vacantes para a admisión e matrícula no curso académico 2017/2018 nas ensinanzas de grao relacionadas a continuación:

CAMPUS DE OURENSE

| | |
|--|----|
| Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | 9 |
| Grao en Enxeñaría Agraria | 22 |

CAMPUS DE PONTEVEDRA

| | |
|--|----|
| Grao en Dirección e Xestión Pública (semipresencial) | 11 |
| Grao en Enxeñaría Forestal | 29 |

CAMPUS DE VIGO

| | |
|---|----|
| Grao en Administración e Dirección de Empresas-(IESIDE-centro adscrito) | 6 |
| Grao en Bioloxía | 6 |
| Grao en Ciencias do Mar..... | 9 |
| Grao en Comercio | 2 |
| Grao en Educación Infantil-CEU (centro adscrito) | 6 |
| Grao en Enxeñaría da Enerxía..... | 7 |
| Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | 37 |

As normas que rexen a presente convocatoria son:

PRIMEIRA

O prazo de presentación de solicitudes será **do 24 ao 26 de outubro**.

SEGUNDA

Debido a necesidade de resolver con urxencia o proceso de asignación das prazas vacantes co fin de non demorar máis a incorporación do alumnado aos estudos de grao xa iniciados no mes de setembro, as solicitudes, cunha **única opción** por estudante, presentaranse debidamente ASINADAS en horario de 9 a 14 horas, unicamente nas dependencias relacionadas a continuación:

- ✓ Rexistro xeral do edificio de xerencia e servizos centrais no campus de Vigo.
- ✓ Rexistros auxiliares dos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

As solicitudes presentadas fora do prazo indicado nesta convocatoria non poderán ser admitidas aínda que existan prazas vacantes na titulación desexada.

TERCEIRA

As solicitudes, dirixidas ao Reitor, estarán acompañadas da seguinte documentación, que se aportará dentro do prazo de presentación das mesmas:

1. Credencial ou certificación académica que habilite para o acceso.
2. Quen solicite unha praza pola cota reservada para estudantes con discapacidade presentará o certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma.
3. Solicitud de simultaneidade de estudos, de ser o caso.

CUARTA

Dado que a asignación de prazas farase por orde de chegada das solicitudes, estas deberán rexistrarse con data e hora de entrada. Nas que non conste a hora de entrada serán consideradas a continuación das dese mesmo día nas que figure a hora.

Terá prioridade quen non estea matriculado noutra titulación oficial, sobre quen si o estea, teña ou non intención de simultanear estudos.

Quen non poida formalizar a matrícula na praza solicitada, ben porque non se lle asignou ou por atoparse na listaxe de agarda á espera do remate do prazo de formalización, terá a posibilidade o día 15 de novembro de dirixirse por correo electrónico ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao para elixir **outra** das titulacións ofertadas na que resultaran vacantes logo do prazo de matrícula indicado nesta convocatoria. Esta nova asignación farase por orde de chegada ao correo electrónico (soporte.grao@uvigo.es). A quen se lle conceda unha praza por este procedemento informaráselle por este mesmo medio da data para a formalización da matrícula na unidade administrativa do centro correspondente.

QUINTA

As listaxes provisionais de persoas admitidas, excluídas e en agarda faranse públicas nos rexistros e nos centros con vacantes o día 27 de outubro.

Unha vez publicada a relación provisional, abrírase un prazo de reclamación de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación. As alegacións que se consideren oportunas remitiranse ao correo electrónico (soporte.grao@uvigo.es) do Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Resultas as alegacións, o día 3 de novembro procederase á publicación definitiva das persoas admitidas, excluídas e en listaxe de agarda.

Os centros recibirán oportuna comunicación das persoas admitidas que deberán matricularse e, de ser o caso, solicitar recoñecemento de créditos no propio centro os días 6, 7 e 8 de novembro, en horario de 8,30 a 14,30 horas.

No caso de que as e os convocados na listaxe definitiva non formalicen a matrícula nas datas indicadas no parágrafo anterior, os centros poderán matricular as persoas das listas de agarda os días 9 e 10 de novembro, en horario de 8,30 a 14,30 horas.

SEXTA

Para o non regulado nesta convocatoria aplicarase o disposto nas normas establecidas na resolución reitoral do 30 de maio de 2017 pola que se publica a convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso académico 2017/2018.

SÉTIMA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

Vigo, 23 de outubro de 2017

O REITOR,



Salustiano Mato de la Iglesia

ANEXO I

TÍTULOS ACADÉMICOS OU PROBAS QUE HABILITAN PARA MATRICULARSE EN ESTUDOS CONDUCENTES A ENSEÑANZAS DE GRAO

- Calquera dos contemplados no RD 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao ou posuír un título universitario oficial de grao ou algún correspondente á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente.